



PLAN FINANCIAMENTO - XUGA

A UDC desexa ratificar o seu rexeitamento aos novos criterios de reparto dos fondos estruturais do Plan de Financiamento do SUG, reiterado nos correspondentes órganos de discusión. Os criterios e indicadores propostos non só desnaturalizan o carácter previsto do fondo; ademais, a súa selección está nesgada, tanto dende a perspectiva das funcións da universidade, pois a actividade docente (a través do financiamento por alumno) incide no reparto de só un 1% do financiamento estrutural en 2012, como dende a perspectiva institucional, pois as variables seleccionadas reducen artificialmente a participación da UDC nestes fondos a niveis que en absoluto responden ao seu peso estrutural no SUG.

Unha vez máis, desexamos chamar a atención sobre a necesidade de contemplar dun xeito integral os criterios de reparto dos distintos fondos do Plan. Partindo do incumprimento do compromiso de analizar as dotacións en infraestruturas, asumíuse tamén o desequilibrio no financiamento ao consagrar o criterio histórico para a distribución do financiamento estrutural, que supón o 90% dos fondos achegados ás universidades. Pero o máis grave é que os cambios pautados, lonxe de dirixirse a superar os desequilibrios, tenden a reforzalos: a infravaloración do labor docente e a selección contraria aos intereses da UDC sinalados ao respecto dos novos criterios estruturais son tamén plenamente aplicables aos indicadores de resultados, dos que os agora aprobados non son senón unha extensión.

Finalmente, cómpre sinalar que a valoración da actuación das universidades e a súa repercusión no reparto dos fondos ligados a resultados e calidade (uns 37 millóns de euros en 2011) non están determinadas, o cal introduce un amplísimo marxe de discrecionalidade no financiamento do SUG.

En conxunto, o novo Plan de Financiamento reproduce e reforza a discriminación histórica que ven sufrindo a UDC no seu financiamento. Lonxe de recoñecer os seus logros, en particular na captación e formación do alumnado, e os avances en materias de I+D+i e extensión, obtidos grazas á eficiente xestión duns recursos humanos, materiais e financeiros escasos, o Plan limita seriamente a capacidade desta institución para atender as necesidades dunha área xeográfica cun elevado dinamismo demográfico, económico e socio-cultural.